



CRITERIO COMPLEMENTARIO – CEIP PLURILINGÜE A CRISTINA

CRITERIO SOLICITANTE NO ÁMBITO DE INFLUENCIA DO CENTRO

“A proximidade da residencia do alumno ao centro é, sen dúbida, un elemento fundamental na integración globalizadora do concepto educativo no eido da formación social e da conexión do individuo coa súa máis cercana comunidade. É ben coñecida a relevancia que, no desenvolvemento da personalidade do menor, ten o seu hábitat, polo que se está na procura de integrar o centro na súa vida, impulsando deste xeito o valor superior da educación, entendida no seu plano máis amplo.

É por iso que en cumprimento e desenvolvemento do artigo 9.3.i do Decreto 254/2012 do 13 de decembro (DOG 245, 26 de decembro) , o Consello Escolar deste centro adopta o seguinte acordo:

Establecer como criterio complementario a residencia habitual ou familiar da alumna/o solicitante na área de influencia do centro. Poderá e deberá acreditarse esta situación polos mesmos procedementos expostos no Decreto 254/2012, na Orde do 12 marzo de 2013 (reformada por Orde de 25 de xaneiro do 2017) e demais disposicións legais que os desenvolvan. A puntuación que se engadirá será 1 punto”.

Carballo, 28 de febreiro de 2019.

A directora,



Manuela Becerra Castro